BOPPO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

Xoves, 29 de abril de 2021
Núm. 80

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEVEDRA

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

DELEGACIÓN NA ADMINISTRACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DAS COMPETENCIAS RELATIVAS Á CONVOCATORIA E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS SELECTIVOS PARA O ACCESO A CATEGORÍA DE AUXILIAR DE POLICÍA NO CONCELLO

Anuncio.- Acordo plenario de delegación na administración da comunidade autónoma de Galicia das competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso a categoría de auxiliar de Policía no Concello. 2021/CONVADMIVO/000007.

O Pleno do Concello, na sesión ordinaria que tivo lugar o 19.04.2021, adoptou o seguinte ACORDO que, na súa parte dispositiva literalmente, di:

"De orde da Presidencia o Secretario dá conta do ditame favorable emitido pola comisión de Réxime Interior, Participación, Persoal e Xurídica, en data 14.04.2021, sobre a proposta da concelleira delegada do servizo de Persoal, de data 07.04.2021.

O texto íntegro da proposta é do seguinte teor literal:

"A Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais establece no seu artigo 32.7 que: "a Xunta de Galicia poderá asumir a convocatoria das prazas vacantes e, de ser o caso, a formación e o período de prácticas naqueles concellos que así o acorden mediante os oportunos convenios de colaboración".

En desenvolvemento desta previsión, ditouse o Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local. Este Decreto no seu artigo 2.2 dispón: "a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos mediante a asunción da convocatoria das prazas vacantes dos seus corpos de policía local, incluídas, de ser o caso, as de auxiliares de policía local ou dos postos de vixilantes municipais, de non existir no concello corpo de Policía local, requirirá a celebración do oportuno convenio a través da consellería competente en materia de seguridade".

En consonancia co devandito marco regulador, o Concello de Pontevedra, con data 01/04/2020 e en virtude do acordo de delegación de competencias aprobado polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria do día 25/02/2020 (publicado no BOP núm. 49, do 11/03/2020), asinou un convenio de cooperación coa a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia para a delegación na Administración autonómica das competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso, pola quenda libre, á categoría de policía do Corpo da Policía Local deste Concello na

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal Código seguro de verificación:ZK7MKU43QV01T8DU

Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o cal se atopa en vigor na actualidade de acordo co disposto na súa cláusula oitava que establece unha duración inicial de 4 anos dende a súa sinatura sen prexuízo das posibilidades de prórroga por un período adicional da mesma duración.

A data de hoxe considérase necesario e conveniente para os intereses municipais a sinatura, en virtude da súa cláusula décima, dunha addenda ao dito convenio de cooperación coa finalidade de ampliar o seu obxecto e delegar na mesma Administración autonómica as competencias de convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso a categoría de auxiliares de policía local neste Concello.

A addenda de ampliación do obxecto do convenio de cooperación que se pretende asinar establece as cláusulas que instrumentan a delegación das competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso á categoría de auxiliar de policía local deste Concello con arranxo ao disposto no artigo 2 e nos artigos 18 e seguintes do Decreto 115/2017 (cuxo borrador se incorpora ao expediente) cun período vixencia vinculado a duración do convenio que se modifica: 4 anos, prorrogable previo acordo escrito das partes, ata completar un período adicional da mesma duración, consonte a súa cláusula oitava.

A sinatura desta addenda de ampliación do obxecto do convenio de cooperación e a delegación das citadas competencias constitúe unha fórmula de cooperación interadministrativa (entre esta Administración Local e a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia) de carácter voluntario que trata de estender a cooperación interadministrativa xa acordada entre o Concello de Pontevedra e a Administración da Xunta de Galicia no senso de ampliar a delegación nesta última das competencias de convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso a categoría de auxiliar de policía no Concello de Pontevedra e que pretende mellorar a eficiencia na xestión das convocatorias e na execución destes procesos selectivos evitando duplicidades administrativas e demais problemáticas que supoñen para esta Administración municipal a execución dos procesos selectivos para o acceso a estas categorías, motivado entre outras cuestións polo o elevado número de aspirantes a ditos procesos de selección.

Así mesmo, advírtese que, tal e como se establece no artigo 2.3.f) do Decreto 115/2017 e na cláusula sexta da addenda, esta delegación de competencia non suporá ningunha obriga económica para este Concello xa que a Administración xeral da Comunidade Autónoma asume o financiamento de todos os gastos derivados da xestión e desenvolvemento dos procesos selectivos obxecto deste convenio, con cargo aos recursos consignados nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, percibindo a Administración autonómica os ingresos derivados das taxas que se establezan pola participación nos correspondentes procesos selectivos, de acordo co establecido na lexislación de taxas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Non obstante o anterior, para poder proceder a tramitar, aprobar e asinar a addenda de ampliación do obxecto do convenio de cooperación nos termos arriba sinalados, resulta necesaria a adopción dun acordo previo de delegación das competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso a categoría de auxiliar de policía no Concello de Pontevedra por todo o tempo de vixencia do convenio obxecto de modificación.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:ZK7MKU43QV01T8DU

Xoves, 29 de abril de 2021
Núm. 80

A cooperación económica, técnica e administrativa entre a administración local e a administración das comunidades autónomas, como resulta no presente caso, ten o seu amparo no artigo 57 da da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en adiante, LBRL).

Este acordo de delegación de competencias correspóndelle ao Pleno da Corporación en virtude do artigo 123.1.j) da LBRL, o cal deberá adoptar este acordo por maioría absoluta do seu número legal de membros segundo o disposto no artigo 123.1.j) da mesma LBRL.

En consecuencia co anterior, esta concellería delegada de Persoal e Cultura propón ao Pleno da Corporación, o seguinte

A C O R D O :

Primeiro.- Delegar na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia as competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso a categoría de auxiliar de policía no Concello de Pontevedra, en virtude do disposto no artigo 32.7 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais e o artigo 2 do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local.

Esta delegación de competencias non suporá ningunha obriga económica para esta Administración municipal e a súa duración non poderá exceder do período de vixencia previsto na cláusula oitava do convenio obxecto de modificación, que prevé un período inicial de 4 anos desde a súa sinatura (o 01/04/2021), prorrogable por un período adicional da mesma duración.

Para a efectividade práctica desta delegación de competencias deberase tramitar e asinar a correspondente addenda de ampliación do obxecto do convenio de cooperación entre este Concello e a Administración xeral da Xunta de Galicia para a asunción por parte da Administración autonómica (a través da Academia Galega de Seguridade Pública) das competencias de convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso a categoría de auxiliar de policía no Concello de Pontevedra, no cal se instrumente a presente delegación de competencias e se articulen as obrigas que corresponda asumir a cada unha das partes asinantes.

Segundo.- Publicar o presente acordo de delegación de competencias no BOP e na Sede Electrónica deste Concello, para xeral coñecemento e efectos."

(Intervención da concelleira de goberno delegada da área de protección cidadá e sostemento dos espazos públicos urbanos)

Seguidamente realízase votación ordinaria e o Pleno do Concello, por unanimidade (25) e de conformidade co ditame da comisión de Réxime Interior, Participación, Persoal e Xurídica, acorda aprobar a proposta anteriormente transcrita."

O que se fai público para xeral coñecemento.

Pontevedra, á data da sinatura.

O Secretario

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:ZK7MKU43QV01T8DU